



Cristina Fernández Davila, Eva Gil Solla, Xosé Carlos Vázquez Míguez, Miguel Bouzó Rodríguez, Verónica Bargiela Pino e Marián Hermida Garazo, concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de Ponteareas, ao abeiro da lexislación vixente, presentan as seguintes **PREGUNTAS** para a súa resposta en pleno sobre **O EDIFICIO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos pasados días coñeceuse a través dos medios de comunicación a intención do goberno local de demoler o edificio que na actualidade alberga a escola infantil municipal.

Trátase dun edificio no que, no 2020, se realizaron obras de rehabilitación enerxética, cun investimento superior aos 100.000 euros, financiadas nun 80% con fondos europeos, seguindo a estratexia urbana *Ponteareas Hábitat Saudable*.

En base ao exposto, o Grupo Municipal do BNG formula á alcaldesa as seguintes

PREGUNTAS:

- 1.- Ten o goberno local previsto proceder á demolición do edificio que actualmente alberga a escola infantil municipal?
- 2.- En caso afirmativo, cales son os motivos concretos que xustifican esta decisión?
- 3.- Existe algún informe técnico, urbanístico ou de calquera outra índole que avale a demolición do inmovible? En caso afirmativo, cal?
- 4.- Ten en conta o goberno local que no devandito edificio se realizaron recentemente obras de rehabilitación enerxética financiadas con fondos europeos? Mesmo así, considera axeitado derrubar o inmovible?
- 5.- Que uso ou usos ten previsto o goberno local para a parcela resultante no caso de levarse a cabo a demolición?
- 6.- Contempla o goberno algunha alternativa á demolición que permita conservar e poñer en valor o edificio existente?
- 7.- Considera o goberno que Ponteareas dispón actualmente de suficientes espazos municipais para o desenvolvemento de servizos públicos e actividades sociais?
- 8.- Ten previsto o executivo destinar este ou outros edificios municipais a usos sociais, culturais ou veciñais, tendo en conta a carencia de espazos existente e a súa solicitude destes por parte de colectivos?
- 9.- Prevén abrir algún proceso participativo ao respecto deste espazo?
- 10.- Que prazos manexan para a toma de decisións sobre o futuro deste edificio?

Ponteareas, abril de 2026.

ALCALDÍA-PRESIDENCIA DO CONCELLO DE PONTEAREAS